

Programa
Electoral
2019

PSG
PSOES ADA

O Teu Momento / 

INTRODUCCIÓN

Unha Sada viva, moderna, cómoda, accesible e con luz propia.

Nos presentamos a estas Eleccións Municipais coa ilusión que caracteriza a un equipo renovado e cun programa que o reflicte. Os nosos compromisos teñen como eixo nuclear que Sada recupere luz e coherencia, ese lugar para vivir, que nos ofrezca múltiples posibilidades todas elas relacionadas e que conformen un todo. Unha Sada estética e con servizos, unha Sada útil e integradora.

A nosa vila non pode ser pensada como un conxunto de compartimentos estancos illados uns de outros, senón que todo forma parte dun sistema relacionado. É lóxico pensar, por tanto, que medidas dirixidas á mellora de infraestruturas, por exemplo, deben contemplar á súa vez a mellora das comunicacións, ou deben repercutir directamente na mellora do emprego. Do mesmo xeito que un urbanismo razoable, deber responder tamén ás necesidades sociais, deportivas e culturais como un todo, como unha cidade global capaz de armonizar tódalas sensibilidades.

Sada creceu e evolucionou máis tamén ten importantes retos aos que non se lles deu unha resposta adecuada: especulación inmobiliaria e falta de espazos públicos, escaseo de vivendas de protección pública, deficiencias nas comunicacións, dificultades de aparcamento, un centro de saúde inaccesible entre outros, e que supoñen situacións reais que os e as sadenses temos identificados perfectamente.

Por elo traballamos e manifestamos a nosa vontade de aumentar vosa confianza e o apoio cidadá para gañar neste 2019, e dar luz a unha Sada que necesita de proxectos globais que a entendan e a comprendan. Unha Sada da que sentirnos orgullosos, pero, fundamentalmente unha Sada viva e na que vivir.

Por todo elo se contamos co teu apoio o vindeiro 26 de maio, poñeremos en marcha as medidas que creemos que Sada necesita, que os e as sadenses necesitamos.

O Teu Equipo Socialista

+ SADA. ESPAZOS DE VIDA

- ✓ **Auditorio aberto**, nos xardíns do paseo marítimo integrado nunha área lúdica para o seu uso todo o ano.
- ✓ Adaptar **O Náutico** para un espazo multidisciplinar de uso cidadá.
- ✓ Restaurar **La Terraza** impulsando un diálogo entre as administracións competentes e a propiedade.

+ CUL. CULTURA VIVA

- ✓ **Aula de Estudio 12H**, con horario continuado.
- ✓ **Biblioteca Aberta**, adecuación dos horarios e actividades ás diversas necesidades da poboación.
- ✓ **Escola de Música** dotada dun espazo independente e adaptado ás súas necesidades.
- ✓ **Local de Ensaio** para grupos noveles, bandas e asociacións de música, no Centro de Formación Ocupacional de Osedo.
- ✓ **SadaSon**. Creación dun festival musical, para músicos e intérpretes noveles, non profesionais.
- ✓ Novo impulso á **Feira Modernista** como bo elemento diferenciado e atractivo turístico con medidas como o **Roteiro Cultural Modernista**.
- ✓ **Curuxa Catuxa**, recuperación da mascota da Biblioteca con sesións quincenais de contacontos.
- ✓ **MáisCul**, programa dinamizador dos Centros Sociais das Parroquias que iniciamos nesta lexislatura. Promoción e incremento de oferta cultural.
- ✓ **CulturaViaxa**, programa de visitas culturais a distintas cidades da xeografía galega como fixemos nesta lexislatura. Mantendo 3 saídas anuais.

+ EDU. SEMPRE EDUCACIÓN

- ✓ Impulso de Ciclos de Formación Profesional: Unha necesidade irrenunciable. **FP de Hostalería e FP de Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC)**.
- ✓ **Certames escolares** que estimulen o aprendizaxe (**Olimpiada matemática**) e fomenten o coñecemento de Sada entre os máis pequenos (**Coñece Sada**).
- ✓ Incentivar **plans de compra colectiva de material escolar nos centros educativos**.
- ✓ **Escolas infantís**: mesma normativa e servizos.
- ✓ Apostar por un **modelo único de comedor escolar público**, e a súa ampliación a tódolos centros de E.S.O.
- ✓ **Programa TEI**, titoría entre iguais, que iniciamos nesta lexislatura, continuar co programa e implantar unha segunda fase chegando a máis ámbitos de convivencia (comedores escolares, actividades extraescolares,...)
- ✓ **Dotación anual de TICs a centros escolares** proporcional ao número de alumnos, continuar coa nosa iniciativa de dotar con 8 euros anuais por alumno/a e centro escolar.
- ✓ Continuar mellorando os centros educativos do Concello.

+ ACTIVA. REACTIVAMOS SADA

- ✓ **Viveiro de Empresas** no Polígono Arco Iris, para aumentar e diversificar a oferta de emprego no Concello.
- ✓ **Sada Espazo Tecnolóxico (SET)**, en colaboración con ATEMGA, OXIMGA e a Universidade de A Coruña. Desenvolvemento de APP's, implantación do 5G, crecemento de empresas baseado en blockchain, start-ups, etc...

- ✓ **Emprende en Sada**, fomento da implantación de pequenas empresas e autónomos mediante a creación dunha bolsa de alugueiro municipal de locais comerciais con incentivos para a súa posta en activo.
- ✓ **Talleres de emprego axustados** á demanda de traballo.
- ✓ Plan de emprego e formación para xoves e colectivos maiores de 45 anos.

+ **MARCA. VIVIR O DEPORTE**

- ✓ **DEPORSADA** programa que creará novos espazos deportivos para distintas disciplinas, impulsando o deporte base e a colaboración coas entidades como elemento nuclear.
- ✓ Primeiras **Olimpiadas Municipais**.
- ✓ Normativa unificada para a utilización dos espazos deportivos e adecuación das instalacións xa existentes; **Reforma do pavillón municipal**.
- ✓ Acceso gratuíto ao ximnasio e á piscina para os **deportistas con beca** do Concello.
- ✓ Revisión da concesión para acordar a **ampliación de horarios da piscina municipal** e así adaptalos á xornada laboral.
- ✓ **Senda peonil de acceso ás instalacións deportivas** (pavillón e piscina) polo fondo do campo de fútbol desde o centro de Sada.
- ✓ **Regateando Sada**: Colaboración activa do Concello nas actividades náuticas desenvolvidas polas entidades náutico-deportivas.
- ✓ Establecer un catálogo de rutas de BTT desde Sada ata os Concellos veciños, con tracks GPS dispoñíibles vía web.
- ✓ **SendereAndo**, mantemento e impulso do programa ampliando rutas de diferentes dificultades que permitan o acceso a todo tipo de persoas.
- ✓ Promoción e mantemento dos roteiros do Concello. Unión do roteiro Mariñán-Costa Doce co roteiro de Seixo Branco en Lorbé.

+ SANA. SAÚDE É VIDA

- ✓ Poñeremos a disposición os terreos para a construción dun **Novo Centro de Saúde** nunha zona accesible. Namentres, buscaremos solucións ao transporte ao actual.
- ✓ Continuar reclamando a **ampliación do servizo de urxencias (PAC)** así como **ampliar a cobertura do Servizo de Pediatría**, no actual Centro de Saúde.
- ✓ Asesoramento e acompañamento de familiares que exerzan labores de coidador. **Coidaremos ao coidador.**
- ✓ Programa de **prevención en Saúde**. Charlas divulgativas de temas de interese sanitario e fomento de estilos de vida saudables en tódalas idades.
- ✓ Sada quere adelgazar. **Programa de redución de peso con meta colectiva** en colaboración cos profesionais da saúde.
- ✓ Servizo de **podoloxía para maiores.**
- ✓ **Actívate +.** Plan de envellecemento activo itinerante polas parroquias.

+ TÚA. SADA SOCIAL

- ✓ **Espazo Xove**, habilitaremos a OMIX como espazo de reunión e autoxestión.
- ✓ **Programa Municipal de Alugueiro**, impulsando unha bolsa de vivenda con incentivos ao aluguer.
- ✓ **Sada Accesible.** Elaboración de mapa accesible, emprender de forma inmediata as reformas necesarias e compromiso anual orzamentario.
- ✓ **Centro Cívico para Sada e Mosteirón.**
- ✓ Impulso aos **Servizos Sociais Municipais.** Aumento de profesionais, reforzo do servizo de información e valoración e plan de formación continua.

- ✓ Creación da figura do **mediador social** como medida de resolución de conflitos.
- ✓ **Sada Senior**. Lavandería e “manitas” a domicilio; programas de acompañamento...
- ✓ **Voluntariado Social**, incentivar medidas para a creación dun programa de voluntariado.
- ✓ **Programa de Canguros para maiores, dependentes e menores**.
- ✓ **Fin de semana de respiro para o cuidador**. Segundo rendas, proporcionaremos un servizo municipal para facilitar o descanso do cuidador.
- ✓ Atención específica ás persoas en situación de violencia de xénero.

+ VITAL. MODELO DE CIDADE

- ✓ **Praia urbana accesible**. O primeiro areal urbano 100% accesible da Provincia, como motor social i económico para Sada.
- ✓ **O Currunchos vivo**, punto neurálxico de concertos, espectáculos, práctica deportiva, encontros populares mantendo a súa sinal de identidade como merendeiro.
- ✓ **Recuperación da rúa Praia e integración como parte do paseo marítimo**.
- ✓ Creación dunha pasarela no tramo rocoso, continuando o paseo marítimo ata Bergondo.
- ✓ Plan “**Sada Bonita**”: embelecemento visual da nosa vila con medidas específicas que combinen a estética e a utilidade.
- ✓ **Fontán en color**, destacar o barrio de Fontán como elemento diferenciador incentivando a súa peculiaridade e cromatismo. Actuación sobre o firme de tódalas rúas de Fontán.
- ✓ Un **Parque infantil cuberto**.
- ✓ **Aparcamiento**, reorganización da circulación das rúas para facilitar o paso nas vías estreitas e creación de prazas de aparcamento e un aparcamento subterráneo.

- ✓ **Parada central de autobuses.**
- ✓ Creación dunha **Zona de aparcamento de caravanas** dotada dos servizos necesarios.
- ✓ **Aparcamentos alternativos** nas principais **praias** durante a estación de verán.
- ✓ Prazas de aparcamento con **puntos de carga para vehículos eléctricos.**
- ✓ **Coñece as nosas calas**, promoción das pequenas praias e calas como riqueza paisaxística, turística e de identidade (Morazón, Cala Arneliña, Praia Arnela, Cala dos Lobos, Cala de Armenteiro, Cala de Lourido).
- ✓ Recuperación do **Humedal das Brañas** para o seu disfrute por todas e todos.
- ✓ Esixiremos a inclusión dunha partida económica para a **rexeneración da Ría de Sada** e loitaremos pola súa aplicación inmediata.
- ✓ Recuperación e reordenación do firme e aparcamento da zona do pavillón municipal.
- ✓ Plan anual de ampliación de sendas peonís e unificación estética das marquesinas.
- ✓ **Plan integral de zonificación da rede de auga e saneamento**, que sirva para planificar anualmente as obras de incremento de rede de maneira racional.
- ✓ Sada **limpa**: Cambiar as actuais papeleiras por outras que impidan que o seu contido caia pola acción do vento.
- ✓ Adecuación e incremento dos **baños públicos** da fachada marítima.
- ✓ **Nacer en Sada**, plantaremos árbores autóctonos en zonas habilitadas por cada novo nacemento.
- ✓ **Mascotas**: creación de zonas de xogo para mascotas, instalación de circuío agility e rutas de canicross.

PRETO DE TI. ADMINISTRACIÓN PRÓXIMA

- ✓ Administración municipal máis accesible, máis flexible e máis rápida. Impulso á administración electrónica.
- ✓ **Oficina Municipal de Autoxeración de Enerxía**, destinada a vivendas. Información, asesoramento e orientación para que as vivendas illadas xeren a súa propia enerxía mediante instalacións fotovoltaicas nos tellados ou azoteas.
- ✓ **Oficina Municipal de Información (OMI)**. Punto central de información municipal para a cidadanía, que se desprazará mensualmente a un lugar determinado de cada parroquia do Concello.
- ✓ **Orzamentos participativos**: unha inversión ao ano por decisión cidadá.
- ✓ **SúmaTe escoitamos**. Consulta permanente á cidadanía a través da web para escoitar propostas, pulsar a súa opinión sobre a toma de decisións relevantes e achegar a administración a os seus intereses e gustos.

SEGURA. LUGAR PARA VIVIR

- ✓ **Pasos de cebra intelixentes**, implantación de varias marcas luminosas instaladas sobre o firme da calzada que se iluminarán cando se acerque un vehículo.
- ✓ Campañas de concienciación cidadá sobre as diferentes normativas que regulan a convivencia, en colaboración co Servizo de Emerxencias Municipal e a Policía Local.
- ✓ Incremento do cadro de persoal da Policía Local para asegurar unha maior presenza na vía pública.
- ✓ Propor melloras nas medidas de seguridade do porto pesqueiro.

+ COLECTIVA. SADA DE FUTURO

- ✓ **Sada Feminista.** Impulso á creación dun colectivo Feminista. Impulso á creación dun colectivo de homes contra o Machismo. Acordar no ámbito educativo accións que impulsen o empoderamento das nenas.
- ✓ Incluir a Sada na **Rede Española de Cidades polo clima**; Impulsar o **activismo na loita contra o cambio climático**.
- ✓ Inclusión na **Xornada anual sobre cambio climático**, convertendo a Sada no referente da comarca nesta materia.